

---

**Goretti Sanmartín Rei, *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*, A Coruña, Espiral Maior, 2002.**

---

Felizmente, son xa varios e importantes os traballos realizados desde unha perspectiva sociolingüística que centran a súa análise na situación do galego durante os séculos XIX ou XX e que a basean no estudo de diferentes tipos de textos, a incluíren tamén aqueles propiamente literarios que, dunha forma ou doutra, conteñen información sociolingüística. Aínda que nalgún caso se acudía puntualmente a algún prólogo, nomeadamente os rosalianos, porén, non se lle tiña prestado á insinacia prefacial unha atención central no evoluír da situación sociolingüística en que a producción escrita en galego se desenvolveu durante os dous séculos precedentes. A profesora Goretti Sanmartín Rei veu a encher ese oco no ano 2002 coa publicación de dúas importantes monografías derivadas da súa ben documentada tese de doutoramento lida na Universidade da Coruña, realizando desa forma un contributo fundamental aos estudos de sociolingüística galega.

Estes traballos son *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)*, obra en que nos centraremos, e *Os (pre)textos galegos (1863-1936)*, perfeito complemento do anterior que, alén dunha extensa e rigorosa introducción arredor dos prólogos (concepto e importancia, relación co ensaio, características e etapas), escolma nin máis nin menos que 95 dos escritos só en galego, deixando fóra, por evidentes razóns de espazo, outros paratextos na nosa lingua de indubitable interese, así como todos aqueles redixidos noutras linguas e que tamén teñen relevancia para o coñecemento do contexto sociolingüístico en que os textos se desenvolveron; un dos grandes contributos deste traballo é achegarnos textos até agora xeralmente descoñecidos e de difícil localización, sobre todo aqueles de autoría menos coñecida. Con estas dúas obras, que son merecentes do cualificativo de novedosas e orixinais, pódese afirmar que a sociolingüística galega dá un paso adiante importante; inclusive noutras linguas con máis tradición investigadora e máis posibilidades non se teñen producido na mesma medida estudos destas características ou similares.

Centrándonos, pois, en *Lendo nas marxes*, libro que xa no subtítulo aparece cronoloxicamente delimitado ao período que vai de 1863 a 1936, anos ben significativos cuxa relevancia non é preciso comentarmos, e tematicamente dirixido ao estudo do compromiso lingüístico contido nos paratextos, convén comezarmos por afirmar, como nos di a autora no seu propio “limiar”, que estas unidades textuais contribuíron de modo decisivo ao proceso de nominalización lingüística, tanto divul-

gando as ideas nacionalistas, como reflectindo unha mudanza na perspectiva de confinar o galego ao ámbito rural e a un discurso diglósico, a superaren así mesmo “o vello prexuízo que establecía un discurso en prosa en español antecedendo un libro de poemas ou unha peza dramática en galego e dignificando e prestixiando o desenvolvemento dunha literatura cuxo reto maior era estar dirixida a un público lector que ora non sabía ler, ora tiña o español como lingua de cultura” (p. 9). A función principal dos paratextos estudiados nesta obra, nun período de acerbado conflito diglósico, era defenderen e arrouparen os propios textos, procurando anticipárense ás posíbeis críticas ou xustificando a razón de estaren escritos en lingua galega. Convertíanse así os paratextos, a comezar polo título e continuando polas dedicatorias ou os prólogos alógrafos ou de autor para terminar nas notas e epífolios, en escudos protectores dos textos nun contexto hostil ao emprego do galego, onde a aparición dun libro nesta lingua aínda supuña unha grande anomalía que era preciso, dalgunha forma, xustificar.

A obra estrutúrase en catro capítulos, a constituíren os dous primeiros o verdadeiro corpo do traballo e os dous últimos a parte complementar que fornece elementos imprescindíbeis de lectura, información e consulta. Así, o capítulo primeiro (“Os paratextos. Definición e tipos”, pp. 11-76), após unha introdución en que a autora, a se apoiar en Genette, de quen toma a propia denominación de ‘paratextos’, procura unha definición e caracterización deles, distingundo entre ‘peritextos’ (aparecen no volume: título, subtítulo, intertítulo, prólogo etc.) e ‘epitextos’ (están fóra do texto: anuncios en revistas ou xornais, entrevistas co autor ou autora, críticas da época, correspondencia privada etc.), pasa a tratar sobre cada un dos constituíntes dos paratextos: autores e autoras, títulos, dedicatorias, prólogos, advertencias editoriais, epífolios, notas, outros elementos paratextuais de carácter verbal e elementos paratextuais non verbais. En cada un destes apartados aprofundase na súa caracterización tipolóxica e destácase a información sociolingüística que conteñen, con frecuente exemplificación de diferente autoría e época dentro do período en que a obra se enmarca, levantando interesantes citas de escritores/as e obras que pasaran anteriormente desapercibidas, para além doutras xa clásicas na nosa tradición, que loxicamente non se podían pasar por alto.

O capítulo segundo (“A situación do galego na época”, pp. 77-218) constitúe, tanto polo lugar que ocupa na obra como pola súa extensión e contido, o núcleo central do traballo, pois nel procúrase un estudo da situación lingüística durante o período predeterminado con base nos datos tirados da instancia prefacial e paratextual en xeral, pondo en confronto as informacións obtidas por esta vía con aquelas outras procedentes doutros estudos, manexando neste sentido a autora adecuadamente a bibliografía existente ao respecto. Após unha longa introdución á situación do galego na época (pp. 77-91), dedícanse apartados á cuestión do número de falantes (pp. 91-111), ao confronto entre a aldea e a cidade canto ao uso do galego (pp. 112-128),

á utilización da lingua galega noutros ámbitos de uso, tanto orais (conferencias, uso privado etc.) como escritos (pp. 129-135), ao estado da literatura galega (pp. 135-148) e a consideracións sobre o modelo de lingua utilizado polos escritores, apartado que presta atención á conformación dun modelo de lingua literaria dunha forma demorada e ben documentada (pp. 148-200) e ao sempre polémico achegamento a Portugal (pp. 200-218). Pásase, pois, neste capítulo central da obra revisita ás cuestións lingüísticas máis actuais e tamén problemáticas na altura, algunas das cales ainda o continúan a ser na actualidade, pois por veces semella que temos avanzado pouco ou nada en certos aspectos da realidade lingüística. Noutros, felizmente, déronse pasos importantes, a pesar de que moitas das grandes cuestións que afectan o futuro do noso idioma fican aínda pendentes dunha solución satisfactoria. Este capítulo fornece informacións e reflexións dignas de seren tomadas en consideración para unha adecuada orientación dos problemas que subsisten e que dificultan a normalización social do galego.

No capítulo terceiro tíranse por extenso (pp. 219-234) as conclusións do traballo; mais, no canto de optar por unha concisa enumeración destas, como adoita ser habitual, a autora desenvolve un capítulo resumativo en que vai tecendo o evoluír continuo do discurso paratextual en paralelo co propio desenvolvemento do movemento galeguista, resaltando a importancia da aparición do nacionalismo como corrente política necesitada de modernizar o discurso para o facer atractivo á sociedade e que, ao mesmo tempo, lonxe de o separar do contorno ideolóxico da época, o utilizou como instrumento de propagación do pensamento galeguista. Os elementos paratextuais caracterízaronse, así, polo “seu didactismo, o afán proselitista e o carácter pedagógico, nun intento de suplir todo aquilo que a cultura oficial lle negaba ao noso idioma, producindo un efecto amplificador, cualitativa e cuantitativamente, dos usos da lingua e facilitando unha visibilidade social até o momento inexistente” (p. 224). Os paratextos tiveron de se atribuír, deste modo, funcións que nunha situación de normalidade lles corresponderían a outras instancias, adquirindo por iso unha relevancia especial e a ocuparen as ideas sobre a lingua un lugar de preeminencia neles, feito que de seguro non tería acontecido nunha literatura normalizada. Sintetiza tamén a autora neste capítulo a evolución dos títulos (onde se acabará por xeneralizar a forma *galego* desde o predominio inicial de *gallego*), dos subtítulos ou da instancia prologal, elemento básico no diálogo entre emisor e receptor que adquire unha grande importancia, pois “a través dos prólogos temos coñecemento das polémicas lingüísticas, literarias e políticas, e, en situación de conflito lingüístico, estes supoñen un dos recursos que o autor ou editor ten para difundir a necesaria (auto)xustificación, servindo de escudo protector dos moi diferentes ataques que sen dúbida o libro vai provocar” (p. 232). Por outra parte, o carácter perceptivo na procura da fixación dun modelo de lingua literaria digno, que supuxese tamén a necesaria unificación ortográfica e morfolóxica, foise facendo moi presente nos paratextos do último período estudiado pola autora.

O capítulo cuarto dedícase ás referencias bibliográficas (pp. 235-257), distinguindo por un lado os ‘estudos’, onde se recollen todos os traballos citados no desenvolvemento da obra, tanto referidos ao ámbito exclusivamente galego como aqueles de carácter xeral que son utilizados como referentes teóricos na análise paratextual, e por outro lado os ‘textos’, onde a autora nos fornece unha ampla listaxe (pp. 243-257), alfabeticamente ordenada segundo a autoría, dos paratextos aparecidos nas obras do período 1863-1936, de grande utilidade por nos descubrir textos e mesmo obras pouco ou nada coñecidas que, se ben non destacaron precisamente pola calidade literaria, e por iso mesmo foron xeralmente ignoradas, si posúen grande interese para a análise sociolingüística que na obra se pretende e inclusive tamén para a análise estritamente lingüística no caso dos textos en galego, pois neste caso recóllose así mesmo os paratextos noutras linguas. As propias características da evolución do noso sistema lingüístico-literario non nos deben permitir obviarmos estas fontes de información e análise, en ocasións imprescindíveis, perante a ausencia doutros medios existentes en contextos de normalidade cultural. Así pois, o obrigado capítulo bibliográfico adquire nesta obra un valor especial por fornecer aos estudiosos e investigadores unha información sistemática e novedosa, difficilmente achábel nos repertorios bibliográficos preexistentes.

Após esta breve síntese do contenido da obra, e véndoa no seu conxunto, podemos cualificala como oportuna, necesaria e orixinal, pois converte as unidades paratextuais, xeralmente preteridas na análise sociolingüística, en elementos centrais de estudo sobre a situación do galego nese período histórico, resgatando fontes de información até o momento esquecidas. Nun contexto como o galego os paratextos desempeñan unha función especial, tamén constatábel noutras literaturas periféricas en que o seu desenvolvemento se ve fortemente condicionado pola utilización diglósica do idioma, converténdose en principais receptáculos de ideoloxía e mesmo a condicionaren a lectura dos textos literarios, ao se interporen no circuito comunicativo existente entre locutor ou autor/a e alocutario ou lector/a. En certo modo, os paratextos veñen a furtar as múltiplas posibilidades de expresión que normalmente posúe un texto, que desta maneira “ve limitadas as súas lecturas nun contexto diglósico” (p. 225), fenómeno ben analizado por Antón Figueroa en *Diglosia e texto*. Resulta evidente que se un texto é lido en función do código lingüístico utilizado ou do seu valor simbólico-patriótico, como con frecuencia se suxire nos paratextos, iso está a interferir o seu normal funcionamento como produto estético. Coñecermos esas circunstancias que rodearon a produción textual axudaranos a entender mellor a situación por que pasou a nosa lingua e a evolución do noso sistema literario e mesma da conciencia social no seu conxunto. Ou, como con máis fortuna afirma a autora, é “preciso detérmonos neses outros textos que tamén constrúen o noso discurso e, a través deles, percorremos as beiras do río nun camiño cara a atrás que ten a intencionalidade manifesta de se erixir nun compromiso co futuro do noso idioma” (p. 10).

Así pois, este traballo de Goretti Sanmartín Rei, complementado co outro volume arriba citado da mesma autoría, vén a deitar unha nova luz sobre a nosa historia lingüística e literaria, cumprindo perfectamente o obxectivo, fixado pola autora no seu propio “pretexto” ou “limiar”, de realizar unha lectura sociolingüística dos principais elementos paratextuais do período estudiado, mediante a cal se demostrase que os paratextos forman parte fundamental da historia da lingua e da literatura da Galiza e se constatase o seu especial funcionamento nunha situación de conflito diglósico como a que aquí se deu e aínda se está a dar. Obxectivos, pois, cumplidos de forma clara nesta obra, segundo o lector ou lectora poderá comprobar se optar pola súa lectura, especialmente recomendábel pola novedade e orixinalidade que supón no ámbito dos traballos sociolingüísticos e particularmente gratificante pola súa excelente redacción, cun modelo de lingua que vén a demostrar que, dentro das marxes da norma, é posibel a utilización dun galego depurado e auténtico que non se afaste no substancial das súas propias raíces e do sistema en que está inserido.

Xosé Ramón Freixeiro Mato